



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Xestión de Recursos Sociosanitarios en Discapacidade e na Dependencia	Código	651516009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia			
Coordinación	Fernandez Cervantes, Ramon	Correo electrónico	ramon.fcervantes@udc.es	
Profesorado	Fernandez Cervantes, Ramon	Correo electrónico	ramon.fcervantes@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia tiene por objetivo dotar al estudiante de los conocimientos necesarios sobre la gestión de recursos sociosanitarios en el ámbito de la discapacidad y la dependencia, así como la capacidad para evaluar y proponer diseños o modificaciones que reviertan en una mayor eficiencia de los mismos. Se abordarán aspectos como la gestión de recursos y servicios, el trabajo en equipo, el papel del estrés laboral y burnout.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, nun contexto de investigación.	AI14	BI1
Ser capaz de xestionar recursos materiais e humanos orientados ao manexo do fenómeno da discapacidade e a dependencia.	AI5 AI15	BI2 BI6 BI7 BI9	C15
Identificar e avaliar os problemas derivados da presenza de discapacidade e dependencia.	AI15	BI2 BI7 BI8	C11
Adquirir as habilidades para a toma de decisións na resolución de problemas.	AI5 AI15	BI1 BI2 BI6 BI8 BI9	
Ser capaz de avaliar os resultados derivados do proceso de xestión.	AI15	BI7	
Coñecer os recursos sociosanitarios para a atención á discapacidade e a dependencia.	AI14	BI1	C14 C15
Desenvolver as habilidades para desenvolver proxectos de investigación sobre a realidade social das familias con membros con discapacidade e/ou dependentes.	AI5 AI14 AI15	BI2 BI6 BI7 BI9	C11 C12



Ser capaz de detectar e analizar a realidade social da discapacidade e a dependencia, de xeito tanto cuantitativo coma cualitativo.	AI15	B19	C12 C14 C15
Elaborar e deseñar proxectos de investigación relacionados coa xestión de recursos no ámbito da discapacidade e a dependencia.	AI15	B12 B16	C11 C15

Contidos	
Temas	Subtemas
Análise e diagnóstico de necesidades sociosanitarias en relación á discapacidade e a dependencia.	
Metodoloxía de intervención sociosanitaria, orientada á discapacidade e a dependencia, baseada na resolución de problemas.	
Aplicación dos principios da práctica baseada na evidencia no ámbito sociosanitario.	
Constitución e funcionamento dos equipos multidisciplinares. Situacións de estrés e burnout no ámbito sociosanitario.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A14 A15 B1 B9 C2 C4 C5	25	0	25
Seminario	A15 B2 B6 B7 B9 C5	25	0	25
Proba mixta	A5 A14 A15 B2 C2	2	0	2
Estudo de casos	A5 A14 A15 B1 B2 B8	9	21	30
Recensión bibliográfica	A14 B1 B7 C1	0	20	20
Traballos tutelados	A5 A14 A15 B2 B7 B8 B9 C1	4.8	43.2	48
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.



Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración súa en relación coa literatura existente sobre o tema.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Estudo de casos Proba mixta	A través dos seminarios, estudo de casos e realización de traballos tutelados, o profesor proporcionará atención personalizada ao estudante.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A14 A15 B2 B7 B8 B9 C1	O estudante deberá elaborar e entregar en tempo e forma os traballos solicitados polo profesor, que poderán ser de elaboración individual ou grupal.	40
Estudo de casos	A5 A14 A15 B1 B2 B8	O estudante deberá participar no estudo e resolución dos casos, entregando un informe do mesmo na forma e data indicada polo profesor.	10
Proba mixta	A5 A14 A15 B2 C2	Consiste na realización dunha proba que combinará diferentes modalidades de preguntas, dende preguntas abertas de resposta breve a preguntas de resposta múltiple.	30
Recensión bibliográfica	A14 B1 B7 C1	O estudante deberá entregar en tempo e forma resumos, esquemas ou recensións das lecturas facilitadas polo profesor	20

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Pedro R. Gil-Monte, Bernardo Moreno-Jiménez (2007). El síndrome de quemarse por el trabajo (&quot;burnout&quot;): grupos profesionales de riesgo. Madrid: Pirámide - Samprón D (2010). Hacia nuevos modelos de asistencia y gestión sanitaria : asistencia sociosanitaria y hospitalización a domicilio. Madrid : Edisofer - Villalobos J (2007). Gestión sanitaria para los profesionales de la salud. Barcelona: McGraw-Hill Interamericana - Ballenato G (2005). Trabajo en equipo dinámica y participación en los grupos. Madrid : Pirámide - Campos MI (2005). Relaciones interpersonales, trabajo en equipo. Alcalá: Formación Alcalá
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

--



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías